


ESCRITA O ensaio galego amosa unha maior visibilidade social e unha tendencia á progresión en termos cuantitativos e cualitativos

A vitalidade dun **xénero**



Dolores Vilavedra e María López Sánchez participaron onte nunha mesa redonda impulsada pola AELG e Política Lingüística

María López e Dolores Vilavedra analizaron onte na Universidade de Vigo o panorama actual

M. Doplico • Santiago

O ensaio galego amosa unha notable vitalidade nos últimos anos. A súa visibilidade social incrementábase, así como o número de volumes publicados e a variedade de temas e enfoques. Son algunhas das conclusións da mesa redonda celebrada onte en Vigo sobre o panorama actual do xénero ensaístico, no seo do IV Ciclo Escritores/as na Universidade, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Intervíñeron a profesora da Universidade de Santiago Dolores Vilavedra e a tamén docente e gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio no 2007 pola súa obra *Paisaxe e nación*, María López Sánchez, e despois debateron cos estudantes.

“É un xénero tardío. Comezouse pola lírica, a narrativa, e despois veu o ensaio”, explicou López nunha entrevista posterior á mesa redonda. A “reconversión de traballos académicos” para o formato do ensaio contribuíu a esta eclosión do xénero, comentou, que se relaciona, ademais, coa posición de “subalternidade” da cultura galega: “A situación da nosa cultura crea unha necesidade dun pensamento crítico sobre nós mesmos, sobre a nosa identidade”, en-

gadiu. Dolores Vilavedra aprecia tamén unha “progresión” do xénero ensaístico, que vincula os avances cara a unha sociedade “democrática nun sentido non só formal. Unha sociedade con interese en formar a súa opinión, debater sobre os temas, máis culta, máis dialéctica”...

Neste contexto, cre Vilavedra, foi moi relevante, para darlle un pulo ao ensaio, o traballo de autores e autoras que abordaron nos seus libros temas de actualidade cun enfoque divulgativo. “Axudou o feito de que haxa un modelo de ensaio puro, que non é reciclaxe de traballos académicos. En xénero especulativo-subxectivo, que aborda temas sobre os que a xente precisa formarse unha opinión. Os ensaios de Teresa Moure, por exemplo. A presenza nos xornais de determinadas figuras, como Antón Baamonde, Beiras ou Camilo Nogueira, tamén crea un territorio fronteirizo desde o que o lector chega ao ensaio. É importante o

papel dos medios de comunicación”, asegurou.

Premios de ensaio como o Ramón Piñeiro e o compromiso co xénero de editoras como Lóstrego –que seguiu o camiño aberto por outras, como Laiovento–, achegaron moito. “Non hai moitos lectores para o ensaio en galego, e aí a clave cre que está no sistema educativo. Nós editamos, sobre todo, ensaio de historia de Galicia, que é o que esperta máis interese. Aínda que tamén pode ser unha limitación, que non atopen o seu oco no mercado outras cousas...”, opina Antonio Balboa, de Lóstrego.

A reflexión arredor de Galicia, a identidade galega é, deste xeito, o fundamental “punto común” dos ensaios en galego, sexa desde unha perspectiva histórica, psicolóxica, literaria, filosófica, sociolóxica, –sostivo López–. Mantéñense, así, “líñas de forza” que se remontan ás últimas décadas, –engade Vilavedra–, e

chegan até nós, como o pensamento sobre a identidade. “Logo hai ensaio filosófico, que segue moi vivo”, e fronte a eles cousas novas como novos enfoques en ensaio sobre temas de “xénero, socioloxía, ecoloxía...”, argumenta. E, se ollamos ás orixes, –matiza–, a xeración “Galaxia marcou a pauta do ensaio filosófico. A reflexión sobre a identidade remóntase á Xeración Nós e a máis atrás, desde unha visión máis histórica e literaria en Otero Pedrayo, máis política en Castelao ou Risco...”.

O escritor galego Manuel Forcadela cre que o ensaio é un xénero hoxe basicamente “normalizado”, no sentido de que se publica máis, “moitas veces nos traducións”, – lembra–, e da “pluralidade de temas. Pódense distinguir, con todo, varias liñas: o literario, o feminista e de xénero, o histórico, e o que se sitúa nas marxes do que é a filosofía”, indicou.

O profesor de Filosofía na Universidade de Santiago, autor de *Crónica viva do pensamento galego*, Marcelino Agís, sinala pola súa banda a importancia do ensaio filosófico, moitas veces menos tido en conta, ao seu ver, que o do ámbito sociolóxico, lingüístico ou histórico. Agís lembra a Ramón Piñeiro, figura moi relevante na historia do ensaio en galego, que loitou por demostrar que a nosa lingua é válida para a especulación filosófica.

O traballo da Universidade: publicacións, foros..., iniciativas como as da Aula Castelao, teñen tamén o seu papel no impulso do xénero. Aínda que se manteñen lagoas como o ensaio de tipo científico, memorias, biografías –apunta López, citando tamén a Vilavedra–. ●

MUDANZAS

As mulleres ábrese camiño

Un aspecto importante é o camiño que se están a abrir as mulleres. “Había esa visión de que o que lle corresponde á muller é a sensibilidade, a emoción, a intuición... E agora temos figuras que se están consolidando, como Teresa Moure ou Rebeca Baceiredo”, indicou López.

O do ensaio é, ademais, un xénero pouco estudado. “Creo que o concepto de xeración que nos pode servir para narrativa ou poesía non é aplicable ao ensaio. Se cadra se pode aglutinar máis pola vinculación dos autores e autoras con

publicacións como *Grial* no ámbito cultural, *A Trabe de Ouro* no político a *Festa da Palabra Silenciada* no de xénero”, pensa María López.

Francisco Sampedro, Carlos Fernández, María Xosé Agra, Arturo Leyte, Torres Queiruga, Marcial Gondar, Chao Rego... son hoxe só algúns dos autores máis destacados. Historicamente, boa parte do ensaio xerouse arredor do galeguismo: desde Alfredo Brañas ou Xohán Vicente Viqueira a Losada Diéguez, Amor Ruibal, Celestino Fernández de la Vega, García-Sabell...